UNIDADE DIDÁCTICA

infantil e primaria

Xan Perillán e a maleta máxica

Os Monicreques de Kukas

Obxectivos

- Familiarizarse coas diferentes formas de expresión escénica presentes na obra: pallaso – pantomima – maxia – monicreques.
- Estimular a sensibilización sensorial, a mobilidade e coordinación corporal, e o proceso de desinhibición individual e en grupo do neno.
- Adquisición de destreza manual.
- Desenrolar a imaxinación e creatividade individual do neno.
- Desenrolar a capacidade de atención e memorización.
- Facilitar o proceso de socialización do neno mediante o traballo en equipo.
- Facilitar o respecto polo medio ambiente mediante a reciclaxe de materiais de refugallo.

Contidos

Expresión corporal:

- Expresarse por medio da mímica, sen palabras.
- Recoñecer a través de diferentes formas de expresión da cara os diferentes estados de ánimo.

Psicomotricidade:

- Manipular monicreques realizados con materiais de reciclaxe.
- Realizar sinxelos xogos de maxia.

Linguaxe:

- Coñecer os verbos por medio da representación de pequenas accións con mímica.
- Ampliar vocabulario.

Artes plásticas:

- Utilizar diferentes técnicas plásticas para realizar monicreques, xogos de maxia.
- Recoñecer as cores e as formas.
- Recoñecer diferentes formas de expresión do rostro segundo a forma das cellas e a boca.



Grupo receptor

- 1 Nivel : Infantil e 1º ciclo de Primaria.
- 2 Nivel : 2º e 3º ciclo de Primaria.
- Segundo o nivel realizaranse diferentes actividades ou similares actividades pero cun grao de complexidade diferente.

Temporalidade

- As actividades realizaranse despois da asistencia á representación, podéndose realizar algunhas actividades de recompilación de información previas á función.
- Se dividen en 8 sesións, 2 dedicadas ao pallaso, 2 á pantomima, 2 á maxia e 2 aos monicreques.

Actividades

Pallaso

- Decorar a silueta do pallaso.
- Vestir a silueta do pallaso con traxes de diferentes cores.
- Pintar diferentes caras do pallaso segundo o seu estado de ánimo: alegre, asombrado, enfadado.
- Recortar e pegar facendo diferentes combinacións de bocas e cellas.
- Aprender a canción de Xan Perillán e acompañala con xestos.
- Enumera 5 cousas que meteu Xan Perillán na maleta.

Actividades

Pantomima

- Imitar accións que facía Xan Perillán na obra: Xan levando a maleta, Xan espantando ao moscón, Xan buscando o atlas...
- Representar sen palabras pequenas accións correspondentes a diferentes verbos: comer, durmir, bailar, ler, brincar, buscar …
- Representar sen palabras diante dos compañeiros diferentes situacións da vida cotiá, personaxes coñecidos ou títulos de películas.



Actividades

Monicreques

- Enumerar 3/5 nomes diferentes sinónimos da palabra monicreque.
- Realizar un monicreque dun can cun calcetín.
- Realizar un monicreque dun cágado de ra cun pano cadrado.
- Facer unha marioneta dun pallaso con materiais de reciclaxe.
- Facer un helicóptero de papiroflexia.

Actividades

Maxia

- Enumerar 3/ 5 xogos de maxia vistos na representación de Xan Perillán.
- Realizar un dos xogos de maxia máis antigos: o compás chinés.
- Mover un papel cun fío ou cabelo invisible.
- A man imantada ou o lapis máxico.

Recursos

Humanos: Profesor de primaria

Espaciais: Aula

Materiais:

- **Silueta e caras pallaso:** papel, lapis cores, tesoiras
- **Monicreques:**

Can: calcetín, las, pelotas ping pong, botóns.

Cágado: pano cadrado.

Pallaso: rolo papel hixiénico, pauciños, las, papel pinocho, telas,cartolinas.

Helicóptero: papel, clip, tesoiras.

- **Maxia:** papel, tesoiras, lapis, cartolinas.













Kukas Produccións Artísticas SL
981 566 976 - 981562734
609 884 630 - 660298070
monicreques@hotmail.com
www.kukas.redbiocultural.net